

## ANUNCIO

O Alcalde o día 26/03/2024 ditou a seguinte Resolución con número 228/2024:

### “RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO PECHER ESTABLECEMENTOS HOSTALERÍA SEMANA SANTA 2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/000223

### ANTECEDENTES:

Logo de ver o disposto no artigo 8 da Orde de 23/10/2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas ( DOG nº 219 de 30.10.2020), segundo o cal corresponderá aos concellos segundo o disposto no artigo 5 f) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Logo de ver o disposto no artigo 9 da citada Orde segundo a cal: “Artigo 9. Ampliacións de horarios

1. Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. A efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos os incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos os incluídos, e polo Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos os incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, **en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche** dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Autorizar a ampliación de horario aos establecementos hostaleiros para a celebración da Semana Santa, ata un máximo de 2 horas, **dende o sábado día 30 de marzo ata o domingo 31 de marzo de 2024**, ambos os dous incluídos

**Segundo:** Publicar a presente resolución no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide

**Terceiro:** Notificar o presente acordo ao comandante de Posto da Garda Civil de Melide

Ordeno e asino en Melide, luns 25 de marzo de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, martes 26 de marzo de 2024. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.